

María Xosé Agra Romero, mestra de Filosofía moral e política na Universidade de Compostela, pensa que o feminismo representa unha forma de estar na vida

Perspectiva de transmisión



LUPE GÓMEZ

No libro *Corpo de muller*, coordinado por María Xosé Agra e editado por Laiomento, aparece un artigo de M^a Luz Pintos Peñaranda no que ela di: "o corpo concreto no que cada persoa nace situada é precisamente o enclave en que a esta lle é imposta, violentamente, toda unha simboloxía produto da arbitrariedade cultural en que está inmersa." Se na literatura ou na Universidade aparecen mulleres rachadoras, a perspectiva de transmisión coas seguintes xeracións é importantísima. Se non fose por esa cadea solidaria, o feminismo estaría sempre empezando dende cero.

María Xosé Agra é unha muller moi traballadora e próxima. Falo con ela no seu departamento da facultade de Filosofía e parece que estamos xogando nas Hortas ou no Río dos Sapos. O seu falar é calmo, aberto, dialogante. Hai un póster moi grande de Rosalía ao lado da ventá, pola que entra moita luz.

A que xogabas cando eras nena? Como era o territorio no que pasaches a túa infancia?

Xogabamos sobre todo na rúa, á mariola, a policías e ladróns... Xogabamos mesturados os nenos e as nenas. As Hortas era unha rúa sen coches e os meus recordos están sempre vinculados a estar na rúa. Collía o bocata da merenda e saía fóra a xogar ata que chegaba a noite e miña nai me chamaba pola ventá. Teño boas lembranzas do río dos Sapos, que agora xa non existe, está canalizado. Nos veráns marchaba á aldea dos meus avós e tamén ía a Noia. Pasábao ben, ía á praia e ás festas. Sobre todo lembro ter pandilla e estar sempre fóra. Daquela entrabas no instituto cando tiñas dez anos.

Por que decidiches dedicarte ao mundo da Filosofía?

Gustoume sempre e tiveron a sorte de ter un mestre no instituto, Gonzalo Anaya, que me introduciu á psicoloxía cun enfoque filosófico cando estaba en COU. Eu xa estaba metida en cousas políticas, asistía a reunións, lía filosofía. Ese ano aprobouse aquí a implantación da carreira de Filosofía e eu non me quería ir fóra. A vida vaite levando. Era unha boa oportunidade. Dedicueime á filosofía moral e política. Sempre conectei co mundo do feminismo, estaba organizada en grupos de mulleres e no sindicato.

Como definirías o feminismo? Por que é xusto e necesario?

O feminismo é unha forma de estar no mundo recoñecendo as desigual-



María Xosé Agra no seu departamento da facultade de Filosofía

dades entre homes e mulleres, un desequilibrio de poder de carácter cambiante que require que se transforme a sociedade para que se corrixa ese desequilibrio. É o que permite comprender esa realidade e ver o modo de cambiala. Empecé a vincularme ao feminismo cando aínda non morrera Franco. Conectei coas *Mulleres democráticas*, próximas ao Partido Comunista e vinculadas cos problemas políticos do país. Pouco a pouco fun entrando na teoría e no movemento feministas. Estaba todo por facer. Foron importantes para min lecturas como *O segundo sexo* ou *A política sexual*, e as reivindicacións feministas de Rosalía de Castro.

Cal é a tarefa do Centro de Investigacións Feministas e Estudos

"NA PUBLICIDADE, ENXÁLZASE E Á VEZ TRÁTASE DE OCULTAR O CORPO DA MULLER"

de Xénero da Universidade de Compostela?

É un centro de investigación sobre estudos de xénero. A actividade máis importante que ten neste momento é o máster de Educación Igualdade de Xénero, que é unha titulación especializada que permite cubrir un oco e dar conta de todo o que se ten feito en cuestións de xénero. E organiza seminarios, congresos, xornadas. A comezos dos anos noventa houbo intentos de crear centros universitarios de investigación feminista noutros lugares e apareceron os máis importantes. Aquí houbo un intento pero non callou e foi esmorecendo. Ata que se aglutinaron unhas mulleres para solicitalo.

O corpo da muller é o lugar no que acontecen todas as metáforas? Unha muller é corpo, e por tanto toda ela é "sentimento"?

No libro *Corpo de muller* xogabamos coa idea de que a muller é un sexo, é o corpo como a materialidade que nos constrúe, cunha filosofía detrás na que callan discurso, poder e cultura. Era o resultado dun proceso de investigación no que a teoría feminista se aplicaba a ciencias humanas e sociais. A muller como corpo obxecto pasa a ser corpo suxeito e parte da materialidade nunha sociedade que é somatofóbica. Na publicidade e no trato obxectualízase o corpo da muller e ao mesmo tempo trátase de ocultar. Enxálzase o corpo e ao mesmo tempo invisibilízanse todos eses procesos que fan que un corpo sexa un corpo, que é a nosa humanidade.

O movemento feminista pon sobre o tapete temas como a maternidade, a sexualidade, o aborto... Nóntanse os avances ou son mínimos? Hai problemas coa transexualidade e hai que preguntarse "que é o corpo?"

Hoxe o corpo segue sendo un elemento clave. Penso que hai avances e que temos teorías feministas moito máis robustas, elaboradas e non podemos perder de vista que por moito que falemos de feminismos sempre estamos apuntando a unha transformación da sociedade. E sempre hai problemas novos. Fixéronse avances pero non é tan simple. Aparecen problemas novos como a reprodución asistida, as nais de alugueiro, toda a dimensión do ecofeminismo. A crítica ao feito de equiparar natureza e muller. A natureza como algo que se pode conquistar, explorar. As sementes, as patentes, a biodiversidade. A ciber, a virtualidade, ofrecen un panorama

aberto a pensar e actuar sobre unha sociedade que está en cambio.

A crítica e a teoría feministas desenvólvense dun xeito plural, diverso, non exento de discusións e debates...

É como o propio mundo. O feminismo é explicitar o feito de saber dende onde falar, e ten que recoñecer que se cuestiona o universal como masculino, o mundo androcéntrico. O feminismo ten que asumir que hai mulleres con posicións distintas e diferenzas culturais, e isto leva á existencia de contextos diferenciados e é parte da nosa riqueza. O mundo cambia e vanse conquistando cousas e vanse xerando outras. Pode haber imprevistos. No seno do feminismo sempre houbo bastante pluralidade.

As mulleres que escriben, pensan, ensinan e discuten, séntense dalgún xeito un pouco excluídas da sociedade?

Non podemos xeneralizar. Naqueles sitios onde houbo pioneiras que abiron un camiño consolidado no espazo, as mulleres téñeno máis fácil. Se houbo mulleres rompedoras, logo as que veñen detrás recollen iso e resulta máis fácil. Hai ámbitos nos que as mulleres escriben e pensan e non o teñen difícil. Outra cousa é que deberan ter máis recoñecemento. Quizais onde é máis difícil é se non tiveron diante ningunha muller feminista con perspectiva de transmisión e entón teñen que empezar de novo. Para min son importantes Amelia Válcargel, Celia Amorós ou Victoria Camps porque abiron camiños. En Galicia están María Xosé Queizán, María Pilar García Negro ou Carmen Blanco. Revistas como *A festa da palabra silenciada* e *Andaina* son fundamentais e cumpren agora 25 anos.

Os homes mandan máis que as mulleres? Semella que a palabra dun home ten máis "peso" que a palabra dunha muller...

Hai unha construción política que di que "a muller non é un ser político", é un ser natural e por iso tardamos tanto en acceder ao espazo público. Se les a Aristóteles, aos gregos, ves que a linguaxe da muller non é transparente. "A muller di non pero é si", por exemplo na violación, na que se di que está feita co seu consentimento. Hoxe aparece argumentado e naturalizado na filosofía e supón que a muller ten outros poderes. Son "os poderes das que non teñen poder". Os filósofos din que sempre houbo raíñas, mulleres que traballan toda a vida, mulleres nas guerras... e iso choca co discurso e non podemos caer nesa trampa. Dise que as mulleres mandan nas casas pero o problema é como está estruturado o poder. "Igual traballo, igual salario" pero as mulleres non cobran igual, non acceden aos pluses e collen máis tempos parciais.

As bruxas e mais as fadas son complementarias? Son as dúas partes do espello, as dúas caras da moeda?

Normalmente poden ser complementarias. Se falamos de literatura habería que ver quen crea as bruxas e as fadas. Cando falamos de bruxas reais, pensas nos procesos de bruxería contra as mulleres, que levaron moitas mulleres ás fogueiras e forma parte da imaxinación masculina sobre as bruxas malas. Bruxas ou fadas son ficcións ou pretextos masculinos ou de creación masculina para presentar a imaxe de muller que lles interesa. As amazonas son unha creación interesada dos gregos. Nunha cidade grega as mulleres non poden entrar. Prodúcese expropiación dos saberes das bruxas, que os asumen os homes e toman carácter de científicos.

Rosalía de Castro escribiu que "D'aqueles que cantan as pombas y as frores todos din que teñen alma de muller; pois eu que n'as canto, Virxe d'a Paloma, ¡ay, ¿de que a terei?"

Eses versos gústanme moito. A min gústanme moito as flores porque teñen cores, olores, e porque che alegan a vida. A todas e a todos nos gustan as flores románticas, ou máis mercantilizadas. Sempre se di que aos homes lles gustan as árbores. Gústanme os carballos, os castiñeiros, as árbores, os bosques. As pombas voan, e a min gústame voar nos avións, aínda que non me gustan os aeroportos. É fantástico ver todo dende arriba. É a forma de recoñecer que non podo voar. Voas coa imaxinación e co pensar. Os grandes pensamentos teñen unha compoñente imaxinativa bestial. ●